

O SERGAS SUSPENDE A MESA SECTORIAL SEN NOVA DATA

CIG-Saúde denuncia que o SERGAS tiña previsto para hoxe, 26 de maio unha reunión da mesa sectorial, a cal foi suspendida sen previsión da nova data.

CIG-Saúde tiña solicitada a inclusión dos seguintes temas na orde do día para o seu tratamento:

- **Conclusións dos grupos de traballo** de fin de folga de Atención Primaria do mes de Novembro de 2025.
- **Unidade de apoio á atención primaria:** dependencia orgánica, carteira de servizos, funcións e tarefas a realizar, dotación de persoal e tipo de vinculación.
- **PSX:** condicións de traballo, posta en marcha de novos programas informáticos sen formación (SIGAP).
- **Regulación dos criterios e condicións para o acceso ao cobro do CPV** dentro do SERGAS.
- **Posta en marcha da Unidade de Radioterapia na área sanitaria de Pontevedra:** cronograma da implantación, dotación de persoal, sobrecarga nas áreas de Vigo e Ourense.
- **Concurso específico da enfermaría familiar e comunitaria:** Valoración das alegacións e publicación do concurso.
- **Concurso de traslados aberto e permanente:** valoración das alegacións para cambiar o procedemento, retirada do requisito de un ano para participar, revisión dos baremos. Prazas a ofertar no proceso do ano 2026.
- **Técnicos/as superiores en documentación sanitaria:** privatización da codificación das historias clínicas, aposta e desenvolvemento da categoría no SERGAS.
- **Retirada nos ADX do indicador referido á Incapacidade Temporal.**
- **Valoración da voluntariedade para a cobertura dos PACs.** Seguimento e criterios que aplican nas áreas sanitarias.
- **Persoal médico de urxencias hospitalarias:** medidas urxentes no servizo de urxencias do CHUO.
- **Grupo de traballo de enfermería:** análise da situación de sobrecarga, ratios de persoal, implantación das especialidades...
- **Comisión de permisos e licenzas:** cronograma de reunións.

Sen negociación o SERGAS non avanza!!

